



# Xocas na lembranza

Xosé Lino Vázquez-Monxardín Blanco

**C**on motivo da publicación deste número homenaxe da revista “*Raigame*” a Xoaquín Lorenzo Fernández no décimo aniversario do seu pasamento, pídenme que escriba unhas cuartillas sobre a súa faceta máis humana.

Para achegármonos a ela faremos un percorrido por algunhas datas claves na vida deste etnógrafo ourensán, épigono daquel grupo anovador da cultura galega nos anos vinte que foi “*Nós*”, e personaxe xeneroso que actuou de ponte activa entre as vellas xeracións da preguerra e a Galicia que rexurdía por volta dos anos sesenta e setenta.



*Na Romaría do Viso.*



Nace Xoaquín Lorenzo Fernández o 26 de xuño de 1907 na rúa da Paz, xusto fronte por fronte do edificio onde vivían uns mozos de 23 e 19 anos chamados Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo. Vive desde pequeno de a cabalo entre Ourense e as súas terras de procedencia familiar de Lobeira. Seu pai, avogado de estudos

pero nunca de exercicio, foi un debuxante de calidade, xornalista ocasional, e impulsor activo de sociedades obreiras. Desde o seu nacemento e o do seu irmán Xurxo en 1910, o pai dedicouse por enteiro á educación e preparación dos fillos, como sempre gustaba de lembrar o “Xocas”.

Foi un neno normal e rebuldeiro nunha cidade ben distinta á de hoxe. Desde a Rúa da Paz,

xogaba polas aforas da cidade, na “carretera” –hoxe Rúa do Progreso– ou chegaba, por exemplo, ó forno que existía onde hoxe está a Torre de Ourense e onde perdeu as falanxes dos dedos anular e corazón da man dereita, cando os meteu no medio dunha engranaxe da panadería. Bromeaba ás veces, dicindo que o perfil do novo edificio da Torre se correspondía co oco baldeiro dos seus dedos inexistentes.



Otero Pedrayo –de quen recibiu clases no Instituto que leva o seu nome–, Florentino Cuevillas –quen orientou os seus primeiros traballos e mesmo o animou a dedicarse fundamentalmente á etnografía– e Vicente Risco, foron os seus mestres declarados. Entre eles sempre se gardaron un inmenso respecto –sempre se trataron todos de vostede– a pesar das súas diferencias vitais. Pero lembremos que cando aparece a revista “Nós”, el conta só con trece anos, polo que non se pode considerar membro desta xeración, aínda que si, o que non é menos importante, o seu colaborador, herdeiro e épigono máis directo.

*No Pazo de Trasalba con Antonio Fraguas e Xosé Lino Vázquez-Monjardín entre outros.*



En 1923 morre seu pai e en 1934 seu irmán Xurxo, co que tiña unha absoluta comunión de ideas, polo que desde a idade de 27 anos a súa familia directa queda reducida a el e á súa nai Dona Xoaquina.

Desde que conta vinte anos de idade, comeza a publicar os seus estudos etnográficos, arqueolóxicos e históricos, centrados fundamentalmente ó redor do tema dos aparellos agrícolas como o carro e o xugo, por exemplo, e é admitido en sociedades tales como o *Seminario de Estudos Galegos*, do que será un impulsor destacado. A súa vida céntrase no coidado da nai, na lembranza do irmán Xurxo e nos traballos de artellamento cultural de Galicia.

En maio de 1930 é nomeado “*segretario terceiro*” da *Irmandade Galeguista* en compañía de Otero Pedrayo, Vicente Risco, Cuevillas e o seu irmán Xurxo entre outros; aínda así, tanto por idade como polas circunstancias que lle tocou vivir, a súa adicación ó mundo político foi ben escasa.

Na Guerra Civil combate do lado que lle cadra –o *nacional*– e o seu desacordo condúceo, como gustaba de lembrar, disparándolle ós niños de procesionaria dos piñeiros casteláns, en vez de ós inimigos dos que nel mandaban. Aínda así –ou tal vez por eso– é ferido gravemente no ombreiro esquerdo, a resultas do cal, que-

dou para toda a vida con molestias recorrentes. Pese a ser *caballero mutilado*, en xullo de 1941 (BOE do 6 de xuño de 1941) incóanlle un expediente de responsabilidades políticas (99/41) en compañía dos seus amigos e mestres Otero, Cuevillas, Trasanços, Leuter e meu pai, entre outros, e do que saíron cunhas condenas bastante leves –multas–, que, ó dicir de Xocas, algúns deles nunca chegaron a pagar.

Ante a parálise de calquera posibilidade de actuación política, como o resto do grupo ourensán e en xeral do galeguismo da preguerra, reprégase na actividade

estrictamente cultural, centrándose na axuda que podía prestar á xente máis nova que se achegaba ó tema.

Desde 1943 empeza a miña relación persoal con el, no Colexio Cardeal Cisneros onde exercía de profesor e onde o seu talante e a súa formación humana deixou unha grande impronta nos centos de alumnos que pasaron polas súas aulas. A súa charla sempre formativa, máis alá da propia materia escolar, encontraba sempre oco para as referencias a Galicia e para



*En Campañó durante unha reunión do “Pedrón de Ouro”.*



cumprir o seu afán de espallamento da cultura humanística.

Nestes anos finais dos corenta e cincuenta traballa incansablemente na que ha ser unha das súas obras máis sobranceiras, o tomo de “*Etnografía, cultura material*” do proxecto editorial “*Historia de Galicia*” que baixo a dirección teórica de Ramón Otero Pedrayo, acabarán editando en Bos Aires os mecenas da emigración galega.

En 1963 comeza unha nova fase na súa vida: morre súa nai e queda só. Agora o arrimo dos amigos, fundamentalmente Xesús Ferro

Couselo e a súa familia, vaille permitir seguir gozando do calor humano para continuar co traballo polas cousas que sentía.

Ábrense ademais no tempo novas posibilidades. En 1965 forma parte do *Patronato Pedrón de Ouro*, realmente o primeiro galardón que se outorga en Galicia a xente distinguida polo seu traballo no eido cultural. Cando o seu pasamento, hai dez anos, era o *Presidente de Honra* de dita Fundación.

En 1967, e xunto con outros veteranos como Xesús Ferro Couselo, Xesús Taboada Chivite, Leuter González, Bieito Fernández, participa na fundación da *Agrupación Cultural Auriense*, verdadeiro



Na súa casa de Facós.

punto de encontro de sensibilidades galeguistas vellas e novos anos seguintes. O seu permanente e desinteresado compromiso de colaboración e axuda cos que empezaban, encontrou alí un bo cauce de desenvolvemento.

*Durante unha ofrenda floral a Risco no Cimiterio de Allariz.*





Co fotógrafo  
ourensano  
Pacheco.

desta última desgracia, pon fin a unha das súas afeccións máis persoais: desfaise da grande colección de selos que viña atesouRANDO desde había décadas para deixarlle en herdanza.

Sen embargo, a Galicia que rexorde comeza a darlle alegrías.

En 1968 consegue coa colaboración de moitos dos xa mencionados, a organización regular dunha misa en galego -“a misa dos galeguistas”- que se celebraba o domingo ás nove da mañá na capela do Santo Cristo da Catedral de Ourense. Ó rematar a misa, formábase unha animada tertulia no café “*Miño*” ou en “*El Cortijo*”, onde os presentes facían xirar as súas conversas ó redor dos temas de actualidade cultural e se ilusionaban cos avances que agromaban no rexurdir da cultura galega daqueles momentos.

Mediados os setenta mórrenlle persoas moi achegadas. En 1975 o seu amigo Xesús Ferro Couselo; en 1976 o seu mestre, e por sempre chorado, Ramón Otero Pedrayo; ó ano seguinte, Leuter González e o seu afillado Xesús María Ferro. Como consecuencia

En 1976 fúndase o *Museo do Pobo Galego*, como punto de encontro de vellos e novos antropólogos e o seu labor empeza a ser estimado na súa xusta medida. Ocupa desde os incios o posto de *Presidente do Patronato* e ve medrar durante os trece anos



Coa viuva e familiares de  
Ferro Couselo.



*Coa viuva  
e familiares  
de Ferro Couselo.*



que lle restan de vida unha idea vellamente agarrada por el desde os tempos do *Seminario de Estudos Galegos*. Dirixeu ó *Museo do Pobo Galego*

doazóns tales como os valiosos facsímiles das *"Cantigas de Santa María"* ou do *"Libro do Xadrez"* de Afonso X, e mesmo o conxunto da súa biblioteca e outros fondos, entre os que se encontran as maquetas de madeira de diversos aparellos agrícolas, outra das súas afeccións máis persoais.

En 1981 regalalle tódalas súas fincas de Facós ós seus aparceiros. Posteriormente vende a súa parte no Colexio Cardeal Cisneros, venda que polas súas condicións lle produce unha grande amargura meses antes do seu pasamento.

Chégalle a época dos honores. A Galicia autonómica e democrática agradece con homenaxes e recoñecementos públicos a contribución de moitos intelectuais no mantemento dos valores culturais tradicionais e na formación dos

seus sinais de identidade. En 1983 é nomeado *"Fillo Predilecto da Provincia"* e en 1984 a nacente Xunta de Galicia outórgalle, como non podía ser doutro xeito, a *medalla Castelao* na súa primeira edición. A medalla legouma a min e eu consérvoa como unha xoia polo valor testemuñal de lembranza do esforzo dos homes de *"Nós"* e dos seus colaboradores.

Estas datas sinaladas, entre outras que podíamos escoller, coído que son fitos importantes na vida deste gran traballador e último epígono do grupo xeneracional ourensán coñecido polo nome da revista *"Nós"* e que nos deixou fisicamente o día 18 de xullo de 1989.

Aquel grupo de amigos galeguistas de antes, durante e despois da guerra, sempre se gardaron entre

eles un grande respecto e gozaron dunha amizade máis ou menos intensa, por riba de que tivesen as súas diferencias. Vicente Risco, recoñecía en *"Xocas"* alá por 1962 que: *"Es amigo de todos, discutidor de todo, organizador de todo"*. Indubidablemente, coñecía ben.

Agora, ós dez anos da morte de Xocas, vémolos desde esta curta distancia como un dos *"bos e xenerosos"* e como unha persoa fondamente humilde, reservada, agradecida e emotiva. Nunca dicía *"isto é así"* senón *"Eu coído que debe ser así"*. Dos seus asuntos persoais, endexamais falaba. Lembra continuamente ós seus *"mestres"* e só coa lembranza, emocionábase. Ademais era un estoico absoluto: tiña domeadas as súas necesidades materiais e físicas ata case facelas desaparecer. Se



*En Facós coa filla e a neta de Ferro Couselo.*

*Na súa casa de Facós.*

tocaba comer, comía como o que máis, senón, pasaba absolutamente.

Como “bo” dicir que nunca falaba mal de ninguén, aínda que un soubese que lle tiñan feito malas pasadas. Como “xeneroso” non fai falta máis que reparar nas súas doazóns de fincas, de materiais ó Museo do Pobo, en que non reclamou as débedas... Non era, ben seguro, nada bo administrador dos seus bens. Xeneroso foi sempre tamén con tódolos estudiosos da cultura galega: ós vellos, novos ou novísimos, que se achegaban a el, facilitáballes materiais, axuda e orientación.

Cando moitas persoas teimen no amor, dedicación e xenerosidade que el lle profesou á Terra que o viu nacer, Galicia será máis culta e feliz.

Velaquí un bo exemplo a seguir.

Ourense, 12 /10/1999 ■

